

Vilalba acollerá en xaneiro a estrea en Galicia de **IRIBARNE**, a nova obra de ButacaZero sobre Manuel Fraga

O concello natal do político será, o 13 de xaneiro, o punto de partida dunha xira que percorrerá boa parte da xeografía galega e outras cidades do resto de España

A obra desembarca en Galicia tras a súa presentación en Madrid, onde estivo en cartel un mes e esgotou todas as entradas

IRIBARNE é unha revisión da figura de Fraga en clave de humor coproducida por ButacaZero co Centro Dramático Nacional (CDN) e a Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia

Alén de Vilalba, **IRIBARNE** xa ten datas confirmadas en Santiago de Compostela, Pontevedra, A Coruña, Lugo, Ribadavia, Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Tomiño, Cangas, Narón, Miranda del Ebro, Bilbao e Vitoria



Galicia, 15 de decembro do 2023. Logo da súa celebrada presentación en Madrid, **ButacaZero** vai **estrear en Galicia** a súa última proposta escénica, **IRIBARNE**, o vindeiro 13 de xaneiro en Vilalba. O Auditorio Carmen Estévez será o punto de partida dunha xira por boa parte de Galicia e numerosas cidades españolas que se desenvolverá durante o 2024. A peza, unha revisión da figura de Fraga en clave de humor, é unha coprodución de **ButacaZero** co **Centro Dramático Nacional (CDN)** e a **Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia**.

Despois da súa estrea galega no concello natal de Fraga, **IRIBARNE** comezará unha intensa xira que xa ten outras trece datas confirmadas dentro e fóra de Galicia e entre as que figuran Santiago de Compostela, Pontevedra, A Coruña, Lugo, Ribadavia, Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa,

Tomiño, Cangas, Narón, Miranda del Ebro, Bilbao e Vitoria.

IRIBARNE é o sétimo proxecto do tándem creativo formado por **Esther F. Carrodegua**s e **Xavier Castiñeira**, ambos os dous responsables da compañía ButacaZero, e segue o ronsel das súas anteriores obras, fundamentadas na investigación e na reflexión para dialogar co presente dende unha ollada crítica e irónica. A obra está escrita por Carrodegua, que a presenta como "un intento (irreverente) por comprender como chegamos ata aquí camiñando da man dun deses personaxes secundarios, pero incrivelmente imprescindibles da nosa historia". Segundo ela, é "o traballo máis difícil que escribín ata agora" e engade que "foi complexo atopar o punto de equilibrio do humor, do estilo, así como o lugar dende o que se situar". Pola súa banda, para Castiñeira, responsable da dirección de **IRIBARNE**, "este personaxe é inabarcable" e "entendo o que fixo, pero non dende onde o fixo e por que o fixo", e salienta as contradicións que foron atopando durante o proceso de investigación, tanto da súa biografía persoal como da súa traxectoria política.

Ambos os dous sinalan que pertencen a unha xeración, a da transición, que medrou rodeada dun "silencio tácito arredor da historia política recente", e embarcarse neste proxecto axudounos a entender de onde vimos. "Paréceme moi interesante que a obra, que se sustenta sobre o silencio, abra portas ao diálogo, aínda que sexa para provocar controversia", apunta Carrodegua.

POSTA EN ESCENA

A montaxe está formulada en tres episodios, que reflicten a evolución política do noso país, dende o franquismo, a transición e a democracia, para culminar co período de hexemonía de Fraga en Galicia. "Pareceunos que un político que ocupara cargos de alta responsabilidade e que se mantivo no poder ao longo dun período tan dilatado podería ser un personaxe interesante para falar sobre a identidade de España", sinala a dramaturga.

A posta en escena de **IRIBARNE** ofrece, con ritmo frenético, un xogo coral no que todo o elenco -integrado por **Xurxo Cortázar**, **Jorge de Arcos**, **Esther F. Carrodegua**s, **Mónica García**, **Anxo Outumuro** e **Lidia Veiga**- se vai dando o relevo para interpretar ao protagonista. Trátase dunha "peza extremadamente divertida, moi tola, moi teatral de ver", afirma o seu director. Nela caben todas as iconas pop das diferentes épocas, dende Palomares ata Salomé, Massiel, Serrat... pasando por episodios máis trágicos, como Grimau, os asasinatos de ETA ou a morte de Franco. "Percorremos dende a infancia ata a morte de Fraga, e iso é toda a historia recente do país", afirma Castiñeira. "Pero non estamos a intentar facer Historia nin un *biopic*, senón darlle unha volta moi cómica e contemporánea, mirando dende aquí e agora, sen acritude, o pasado", conclúe o director.

Completan o equipo artístico **Diego Valeiras**, que asina o espazo escénico xunto ao propio Xavier Castiñeira e mais o vestuario, **Diego Vilar**, a cargo da iluminación, **Pablo Fontenla**, responsable da parte audiovisual, a coreógrafa **Sabela Domínguez** e o produtor musical **Berto**, creador da banda sonora orixinal da obra que inclúe o single *WHO THE F*CK IS IRIBARNE?* e que está editada por Subterfuge Records.

SOBRE A COMPAÑÍA

ButacaZero é a plataforma creativa posta en marcha por Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira. Con propostas como *Voaxa* e *Carmín*, *#camiños*, *Despois das ondas*, *32m²*,

Pagagena ou *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, a compañía sitúase como un referente do teatro contemporáneo no panorama escénico galego. As súas creacións concréntanse en dramaturxias feitas á medida, nas que a tradición teatral se mestura coas linguaxes contemporáneas.

Esther F. Carrodegua é actriz, directora, *performer* e, sobre todo, escritora. Rianxeira de pura raza, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre as lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben da súa faceta periodística. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados ben na súa propia plataforma profesional (ButacaZero) ben noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) ou públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional). Precisamente no 2021 foi escollida para desenvolver unha das residencias dramáticas que outorga o CDN, onde escribiu o texto *Supernormales*, co que foi finalista nos Premios MAX 2023 na categoría de Mellor Autoría e que foi, sen dúbida ningunha, un dos grandes éxitos da pasada tempada tanto para o público como para a crítica.

Xavier Castiñeira é licenciado en Dirección de Escena pola RESAD de Madrid e posúe un mestrado en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Tamén realizou estudos de Filoloxía Hispánica pola USC. Actualmente cursa o doutorado na UCM, investigando aspectos neurobiolóxicos nos procesos de recepción escénicos. Desde os seus comezos no mundo do teatro compaxinou o seu labor creativo co docente, impartindo desde 1988 aulas en diversos grupos afeccionados e en obradoiros regulares de interpretación, dirección ou investigación escénica. No ano 2011 incorpórase ao corpo de profesorado da ESAD de Galicia. Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas, case todas as de ButacaZero, pero tamén para compañías como Goliardos, Mairitz, La Escuela de Música Creativa, Outumuro Producións ou De Ste Xeito.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación
Luisa Castiñeira - 620 113 155
Bea Pérez - 604 070 409
prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA: <https://cutt.ly/Iribarne>

MÁIS INFO: <https://butacazero.com>

XIRA IRIBARNE | DATAS CONFIRMADAS

Vilalba **ESTREA EN GALICIA E EN GALEGO**

Auditorio Municipal Carmen Estévez | 13 xaneiro | 19.00 h
<https://entradasvilalba.es/evento/teatro/iribarne-1>

Santiago de Compostela

Auditorio de Galicia | Sábado 20 xaneiro | 19.00 h

<https://www.compostelacultura.gal/espectaculos/evento/iribarne>

Miranda del Ebro

Teatro Apolo | 26 xaneiro | 20.30 h

<https://entradas.tourmiranda.es/TicketMiranda/programacion/Pases/displayPase/f41b9dac9107e38b28ae5cc6b112dc24>

Pontevedra

Pazo da Cultura de Pontevedra | 8 febreiro | 21.00 h

Barco de Valdeorras

Teatro Municipal Lauro Olmo | 23 febreiro | 21.00 h

Vilagarcía de Arousa

Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa | 24 febreiro | 20.00 h

A Coruña

Teatro Rosalía de Castro | 15 e 16 marzo | 20.30 h

Lugo

Auditorio Municipal Gustavo Freire | 11 abril | 20.30 h

Tomiño

Auditorio Municipal de Goián | 20 abril | 21.00 h

Cangas

Auditorio Municipal de Cangas (Auditorio Xosé Manuel Pazos) | 4 maio | 20.00 h

Bilbao

Teatro Arriaga | 9 maio | 19.30 h

<https://www.teatroarriaga.eus/programacion/iribarne/#entradas-arriaga>

Narón

Pazo da Cultura | 18 maio | 20.00 h

Vitoria

Teatro Principal de Vitoria | 7 xuño | 19.30 h

<https://principalantzokia.janto.es/>

Ribadavia

Auditorio do Castelo | MIT Ribadavia 2024 (19-27 xullo)